



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

.....  
Partido dos Socialistas de Galicia  
.....

**M<sup>a</sup> Carmen Cajide Hervés, Laura Seara Sobrado, Modesto Pose Mesura, e M<sup>a</sup> Carmen Acuña Docampo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

Desde o Grupo Socialista somos conscientes da necesidade de facer un aproveitamento sostible dos nosos recursos naturais. Tanto é así, que coa entrada do novo Goberno aprobouse unha moratoria de tramitación dun bo número de saltos hidroeléctricos que unha vez máis ían estragar moitos quilómetros dos noso ríos galegos.

Ademais do aproveitamento hidroeléctrico, os ríos galegos albergan desde hai anos outras actividades económicas, como son as piscifactorías.

Unha desas piscifactorías, concretamente “Truchas del Umia SL”, do grupo Tres Mares, dedicada á cría de troita e radicada no leito do río Umia (Moraña, Pontevedra) desde 1974, desde o ano 2002 vén facendo denuncias sobre os efectos da actividade da minicentral de Engasa situada en Sevil, Cuntis, a unha distancia de catro quilómetros da piscifactoría. Segundo “Truchas del Umia” dita minicentral causou en 2003 a morte de 40 toneladas de cría de troita, polas riadas de lodo que supuxo a súa construción. Ademais, Tres Mares indicou que desde a súa posta en marcha téñense rexistrado cortes de auga, que orixinaron a falta de osíxeno ás especies e, consecuentemente, a súa morte. A esta minicentral, temos que sumarlle agora a construción da de Técnicos Asociados, para a que xa se expropiaron os terreos, e que se atopa a 150 metros aproximadamente río arriba da piscifactoría.

Ante este tipo de situacións, “Truchas del Umia SL” desde o 2002 vén presentando denuncias e informes periciais sobre os efectos da actividade das minicentraís ante as entidades competentes, tratando de parar a súa actividade ou de impoñer medidas que corrixan os efectos que causan sobre o caudal do río.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Finalmente, segundo a prensa do día 15 de novembro, “Truchas del Umia SL”, o pasado 23 de outubro, presentou denuncia contra Augas de Galicia ante a Comisión Europea, coa pretensión de que a Comisión Europea estude se a actividade que realizan estas minicentraís é compatible coa normativa medioambiental comunitaria, e que Augas de Galicia garanta medidas de seguridade para a piscifactoría.

Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) ¿Cal é a situación real das minicentraís que afectan a esta piscifactoría?
- 2.<sup>a</sup>) ¿Cumplen coa normativa correspondente?
- 3.<sup>a</sup>) ¿Está lexitimada “Truchas del Umia SL” para solicitar amparo de dereito?
- 4.<sup>a</sup>) ¿Que actuacións ten pensado levar a cabo Augas de Galicia con respecto a este tema?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2006

Asdo.: M<sup>a</sup> Carmen Cajide Hervés  
Laura Seara Sobrado  
Modesto Pose Mesura  
M<sup>a</sup> Carmen Acuña Docampo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

.....  
**María del Carmen Cajide Hervés na data 21/11/2006  
18:19:22**

.....  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Laura Seara Sobrado na data 21/11/2006 18:19:31**

**Modesto Pose Mesura na data 21/11/2006 18:19:37**

.....  
**María del Carmen Acuña do Campo na data  
21/11/2006 18:19:45**